

ANUNCIO DE LICITACIÓN

Aprobados os Pregos Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, que rexen a contratación do “**Arrendamento de dúas edificacións con destino a almacén para os distintos servizos do concello de Sanxenxo**”, anúnciase a convocatoria para a súa contratación.

1. Obxecto: A contratación do “Arrendamento de dúas edificacións con destino a almacén para os distintos servizos do concello de Sanxenxo”.
2. Duración del contrato: De un (1) ano con posibilidade de dúas prórrogas dun (1) ano cada unha.
3. Prezo de licitación: O orzamento máximo (3 anualidades) de licitación, co IVE é de 69.696,00 € para o LOTE A e para o LOTE B 52.272,00 €. **O orzamento máximo de licitación mensual, co IVE ascende a 1.936,00 € para o Lote A e 1.452,00 € para o Lote B.**
4. Procedemento e tramitación: A adxudicación realizarase mediante concurso público.
5. Criterios de adxudicación:
 - Prezo: Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación mensual, co IVE, que figura para cada Lote. Valorarase ata un máximo de 50 puntos.
 - Edificación ofertada: Ata un máximo de 50 puntos. A estes efectos os licitadores deberán presentar documentación descritiva da edificación ofertada.
6. Lugar e prazo de presentación de ofertas: As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo das 9 ás 14 horas, agás o sábado que será das 9 ás 13 horas dentro do prazo de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS**, a contar dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es. O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calquera dos medios citados.
7. Mesa de contratación: Designados os seus membros por Resolución da Alcaldía de data 18 de xaneiro de 2016. Será constituída de acordo co sinalado na cláusula 12ª dos Pregos respectivos.
8. Entidade e información: Concello de Sanxenxo - Sección de Contratación. Tel.: 986720075. A documentación recollerase no Concello de Sanxenxo e a través da web www.sanxenxo.es. - Perfil de Contratante.



En Sanxenxo, a 20 de xaneiro de 2016.

O alcalde accidental

Fdo. David Otero Domínguez